

## Acordos da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

A Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE), na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 14 de maio de 2018, acordou<sup>1</sup>:

- Aprobar as actas das Xuntas de Escola ordinaria do 19 de marzo de 2018 e extraordinarias do 6 de abril e do 10 de maio de 2018.
- Aprobar os horarios do Grao de Enxeñaría Aeroespacial para o curso 2018/2019.
- Aprobar o calendario de exames do Grao de Enxeñaría Aeroespacial para o curso 2018/2019.
- Nomear a María Nieves Lorenzo como enlace de igualdade. Nomear a Elena Martín como coordinadora de terceiro curso. Nomear a Arno Formella como coordinador do grao. Nomear a Elena Martín como coordinadora de prácticas.
- Elixir ás seguintes persoas como membros da Comisión Permanente: Arno Formella (director), Iván Area ou persoa en quen delegue (subdirector), Ángel Paredes (secretario), Humberto Michinel, Ramón Meijón, Cristina García.
- Elixir ás seguintes persoas como membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade: Arno Formella (director e coordinador de grao), Iván Area ou persoa en quen delegue (subdirector), Ángel Paredes (secretario e coordinador de calidade), María Nieves Lorenzo (enlace de igualdade), Higinio González (coordinador de mestrado), Pilar Joga ou persoa en quen delegue (administradora do centro), Alejandro Cabrera, Montserrat Iglesias, Raquel Ardao e un representante da sociedade pendente de nomear.
- Elixir a composición da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos: Arno Formella (director), Iván Area (subdirector), Ángel Paredes (secretario), José Ramón Salgueiro, Ramón Meijón, Gema González-Redondo.
- Aprobar a distribución de orzamento para material de docencia.
- Aprobar as seguintes delegacións nas Comisións:
  - Delégase na Comisión Permanente xuntar información o traballar sobre propostas para a distribución de espazos da Escola. A aprobación da distribución de espazos recae, en calquera caso, na Xunta de Escola.
  - Delégase na Comisión Permanente o nomeamento de representantes da Escola para comisións, tribunais ou similares (por exemplo, para a convocatoria INOU).
  - Delégase na Comisión de Garantía Interna de Calidade o traballo de revisión e xestión da web da EEAE.
  - Delégase na dirección a xestión do Foro Aero.

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección. Estes acordos publícanse nunha data anterior á da aprobación da acta da sesión.

- Elixir o día 21 de setembro como día non lectivo polo patrón do centro no curso 2018/2019.

Ourense, 15 de maio de 2018  
O secretario

Ángel Paredes Galán

**Dilixencia para facer constar** que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 21 de maio de 2018.

O secretario

Ángel Paredes Galán